

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL PARA A POSTA EN MARCHA O OBSERVATORIO DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL IBEROAMERICANA -OLIXI.

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Xosé Antonio Perozo Ruiz, na súa calidade de presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil con CIF G-36120871, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Primeiro. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma á que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A importancia da cultura maniféstase tanto na súa dimensión social, co potencial que ofrece para o benestar das persoas e a cohesión social, como na dimensión económica, pola importancia que para o emprego, a innovación e o crecemento representan as industrias creativas e culturais e mesmo na dimensión da proxección exterior de Galicia.

As políticas culturais constitúen un dos principais elementos de achega positiva para a sociedade, a economía e a proxección de Galicia.

Segundo- O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 26 de xaneiro de 2023 o Plan Xeración Cultura, que pretende deseñar o plan estratéxico e operativo para renovar o impulso cultural de Galicia como referente a nivel de creación e difusión:



- Nun contexto caracterizado pola necesidade de seguir co crecemento do sector e a preparación para afrontar novos retos nun escenario pos-Xacobeo, que apoiou dunha maneira determinante a creación cultural.
- Coa determinación de fortalecer o tecido industrial e patrimonial vinculado ao sector, para o que Galicia puxo en marcha a convocatoria dun PERTE cultural.

O desenvolvemento do Plan Xeración Cultura comporta a implantación dunha serie de accións entre as que se atopa a internacionalización e dixitalización do sector do libro. Dentro desta acción está prevista a posta en marcha do Observatorio da Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana – OLIXI.

A Xunta abriu en 2022 un proceso participativo para que a cidadanía, sector, institucións e administracións públicas presentasen propostas culturais susceptibles de ser incluídas nun PERTE cultural, que resulta imprescindible para acompañar a transformación dixital, reforzar a creación e internacionalización do sector.

Durante o proceso presentáronse un total de 82 achegas por parte de 55 entidades. De todos eles, a maior parte, un total de 71, foron propostas que serven para enriquecer, mellorar e completar as oito iniciativas xa esbozadas por parte da Xunta. O resto, un total de 11, son proxectos novos que se incorporaron. Deste xeito, un total de 19 proxectos vinculados co patrimonio, as artes escénicas, os museos, as industrias creativas, a música ou o audiovisual, son o resultado do proceso participativo.

Un destes 19 proxectos é a posta en marcha do observatorio de literatura infantil e xuvenil iberoamericana (OLIXI).

Terceiro. OLIXI converterá a nosa Comunidade Autónoma nun centro internacional de interese da LIX como referencia de todo o producido desde o inicio da historia destes xéneros ata a nosa actualidade, tanto no eido do libro impreso como dos novos formatos presentes e futuros, tanto na Península Ibérica como en todos os estados iberoamericanos e EE.UU. OLIXI establecerá relacións e colaboracións con todos os centros IBBY iberoamericanos e coa OEPLI -IBBY España- onde están integradas as catro seccións territoriais representantes das nosas catro linguas oficiais –Euskadi, Cataluña, Galicia e Consejo General del Libro Infantil.

OLIXI entende baixo o concepto LIX todo o relacionado coa creación e produción tanto no referente aos textos como ás ilustracións tradicionais, imaxes gráficas, audiovisuais e propostas alternativas.

OLIXI prestará especial atención á LIX galega ampliando a proxección en Iberoamérica da nosa produción e da súa tradución a outras linguas.



OLIXI estudará e atenderá á realidade de todas as linguas que integran o universo da LIX nos territorios de Iberoamérica, creando deste xeito unha intercomunicación – agora inexistente- que axudará a un eficaz entendemento e enriquecemento creativo e cultural.

OLIXI creará a Biblioteca OLI XI a partir do fondo actual proveniente de GÁLIX, existente na Biblioteca de Galicia, onde se recollerá paulatinamente toda a produción histórica, presente e futura da LIX iberoamericana.

OLIXI, na medida do avance e implantación dos obxectivos, realizará outras actividades como: programas divulgativos mediante conferencias, exposicións, visitas a centros escolares; creará un arquivo documental; editará o catálogo OLI XI, etc.

Cuarto. A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gál ix) é unha entidade cultural sen ánimo de lucro que ten como finalidade defender e promover a cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil.

Entre os seus obxectivos atópase tamén:

Recoller, promover, programar e executar iniciativas que tendan á promoción do libro infantil e xuvenil.

Prestar asesoramento e cooperación ás entidades ou persoas, administración e sectores interesados nestes fins, tanto dentro coma fóra de Galicia.

Asumir a representación galega nas organizacións estatais ou internacionais, con todas as responsabilidades e obrigas que isto comporte.

Establecer coas entidades públicas e privadas os convenios precisos para un mellor cumprimento dos seus fins.

Quinto.- En atención a todo o exposto, ambas as partes teñen un interese común e coincidente, para a posta en marcha do Observatorio de Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana (OLIXI), e estiman necesaria e xustificada a subscrición dun convenio que supoña a posta en común, distribución e utilización conxunta e/ou coordinada de medios, servizos e recursos pertencentes a cada unha das entidades participantes e a súa ordenación para o devandito fin compartido, baixo as premisas de interdisciplinabilidade e eficiencia na xestión dos recursos.

Por todo o anteriormente exposto, as partes formalizan a subscrición do presente convenio para instrumentar xuridicamente a colaboración referida, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e actuacións.



O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil para a posta en marcha do Observatorio da Literatura Infantil e Xuvenil Iberoamericana – OLIXI.

No marco da colaboración das partes no presente convenio desenvolveranse as seguintes actuacións:

Anualidade 2023.

- x Establecer a sede do OLIXI na Cidade da Cultura.
- x Presentar publicamente o proxecto.
- x Redactar e aprobar o Réxime de Funcionamento Interno do OLIXI.
- x Programar o calendario de traballo e obxectivos para o bienio 2023-2024.
- x Difundir o proxecto entre todas as asociacións pertencentes ao IBBY da Península e de Iberoamérica. Xestionar a súa asociación ao OLIXI en base ao correspondente documento de colaboración.

Anualidade 2024

- x Redactar un documento base da situación da LIX Iberoamericana, para presentar publicamente ao remate do ano 2024.
- x Recoller e clasificar nun documento os fondos da LIX depositados na Cidade da Cultura para ampliar con futuras achegas iberoamericanas.
- x Programar a próxima realización do 1º Encontro Internacional da LIX Iberoamericana en Galicia.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrencia, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2023, co Plan Xeración Cultura aprobado polo Consello da Xunta o 26 de xaneiro de 2023 e dada a especificidade e exclusividade das actividades para realizar baseadas en criterios obxectivos, a firma deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Segunda.- Compromisos das partes.

As partes comprométense a realizar as actuacións necesarias para a posta en marcha do Laboratorio de Literatura Infantil e Xuvenil. Para estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento a que se refire a cláusula oitava deste convenio, ambas as



entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua.

Así mesmo, as partes asumen as seguintes obrigacións:

- Entregarse mutuamente tanta información sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades.
- Entregarse mutuamente, servíndose se fose preciso do mecanismo de seguimento establecido na cláusula oitava, calquera información importante, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente o desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán sen demora toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.
- Elaborar os informes que procedan durante a evolución das actuacións para realizar nos prazos e forma que se describan no Plan de Traballo.
- Garantir a promoción da difusión que, no seu caso, proceda, de acordo con o establecido na cláusula sexta.

Terceira.- Financiamento e xustificación

O custo total estimado das actuacións previstas no convenio ascende a un total de 47.348,00 €.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 45.000 €, para o que existe crédito idóneo e suficiente na partida orzamentaria 10.04.432A.640.7, proxecto 2023 00073, distribuído en dúas anualidades.

Anualidade 2023 : 22.500 €

Anualidade 2024: 22.500 €

GÁLIX achegará con cargo aos seus fondos o importe de 2.348 € así como medios e lóxística necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

Para percibir a cantidade máxima sinalada en cada unha das anualidades, GÁLIX presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo con o establecido neste convenio.
- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse mediante facturas e demais documentos xustificativos (nóminas, recibos).
- Informe de resultados das actividades realizadas no marco deste convenio.



No caso de que a xustificación total dos gastos sexa inferior ao importe de 47.348 €, a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña ningún lucro.

O prazo máximo para a presentación da documentación é o seguinte:

- Anualidade 2023: 15 de decembro de 2023.
- Anualidade 2024: 15 de decembro de 2024.

Aqueles gastos que non se poidan presentar na xustificación de gastos da anualidade 2023, nóminas de decembro, seguridade social de decembro e IRPF do derradeiro trimestre do ano, poderanse presentar na xustificación de gastos de 2024.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

GALIX facilitará toda a información que lle poida requirir a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Cuarta.- Confidencialidade

Ambas as partes manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste convenio, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

Quinta.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio publíquese no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, GÁLIX acepta e consinte a remisión do convenio, despois da súa firma, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sexta.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.



O resultados froito deste convenio, tales como materiais, bases de datos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de GÁLIX. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso GÁLIX poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa respectiva.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Sétima.-Vixencia e prórroga.

O presente convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes mediante a súa firma e a súa vixencia se extenderá ata o 31 de decembro de 2024.

Antes da finalización do prazo previsto nesta cláusula as partes poderán acordar unanimamente a súa prórroga a través da subscripción dunha addenda para ese efecto, de acordo con o disposto no art. 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución do convenio e para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do mesmo co obxecto de asegurar o seu bo fin e cumprimento. Así mesmo, responsabilizarase da planificación e control das accións necesarias para o desenvolvemento do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes como consecuencia do seu cumprimento a través de actuacións concretas. Esta comisión reunirse a solicitude das partes asinantes, e terá a seguinte composición.



Por parte da Consellería, serán membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura e a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Por parte de Gálix, serán membros a persoa titular da Presidencia, a persoa titular da Secretaría Técnica e un/unha vogal da Directiva.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terá carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

As partes avaliarán a realización das actuacións obxecto deste convenio e, especialmente, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades avaliará a súa incidencia efectiva no Plan Xeración Cultura.

A falta de normas propias, a comisión mixta de seguimento rexerese polo establecido para os órganos colexiados na Sección III, Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Novena.- Modificación, resolución e extinción do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda que deberá ser subscribida dentro do período de vixencia do mesmo.

De acordo con o artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

1. O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución:

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra no prazo de dous meses coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.



Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estivesen en execución, para as que a Comisión Mixta de Seguimento establecerá un prazo improrrogable de finalización, en cumprimento do disposto no artigo 52.3, da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima.- Responsabilidade das actuacións

A firma deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal maneira que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeneral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e deberes derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo segunda.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo con o artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración



xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de maneira adecuada, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de firma electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo terceira.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións ligiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio que non fosen solucionadas de común acordo polas partes na Comisión Mixta de Seguimento someteranse á xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.





O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

O presidente da Asociación Galega do
Libro Infantil e Xuvenil

Román Rodríguez González

Xosé Antonio Perozo Ruiz

